

O MODELO DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTE (MCPD)

Acreditación CDD. Funcionamento Fprofe



XORNADA DE BENVIDA · DOCENTES DE NOVA INCORPORACIÓN

O1

BENVIDA

Comeza unha nova etapa. A formación permanente vos vai acompañar neste proceso.

O2

QUE SIGNIFICA FORMARSE COMO DOCENTE?

Parte da profesión docente.

O3

O DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL DOCENTE EN GALICIA

Oportunidades para construír o voso percorrido formativo.

O4

COMPETENCIA DIXITAL DOCENTE — CDD

Conta do seu propio marco de desenvolvemento específico.

O5

FPROFE. O TEU ECOSISTEMA DE FORMACIÓN

SXI que te acompañará na túa vida profesional.

O6

NON TODA A FORMACIÓN SON CURSOS

Diferentes modalidades e convocatorias.

O7

O TEU PROPIO ITINERARIO

Constrúe o teu propio itinerario.

O8

NON ESTADES SÓS

Unha gran rede de formación. Coñecede o voso CFR.

O9

A IDEA QUE QUEREMOS TRANSMITIR

Ser un aprendiz durante toda a vosa vida profesional.

01

BENVIDA AO SISTEMA EDUCATIVO GALEGO

Benvidos e benvidas. Comeza unha nova etapa.

A FORMACIÓN COMO PARTE DA PROFESIÓN

Benvidos e benvidas. Comeza unha nova etapa.

Formarse non é un engadido opcional ao voso traballo; a formación permanente é a esencia da profesión docente e vaivos acompañar en todo este proceso.



02

QUE SIGNIFICA FORMARSE COMO DOCENTE?

Aquí comeza unha nova etapa da túa formación

QUE SIGNIFICA FORMARSE COMO DOCENTE?

FORMARSE NON É...

- Acumular horas e certificados sen un propósito.
- Unha actividade paralela e illada da docencia.

FORMARSE É...

- Producir cambios reais e medibles na práctica diaria de aula.
- Acompañar os retos dunha sociedade e tecnoloxía en constante evolución.
- Integrar a aprendizaxe continua como parte intrínseca da profesión docente.

Hoxe comeza algo máis que un traballo. Aquí comeza unha nova etapa da túa formación.

03

O DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL DOCENTE EN GALICIA

Oportunidades para construír o voso percorrido formativo.

O MODELO DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTE

PIONEIROS (2015)

Galicia sitúase á vangarda nacional, tecendo redes de colaboración coas tres universidades galegas.

O NOVO ROL

Transforma o docente de «mero transmisor de coñecementos» a «acompañante e guía» no proceso de aprendizaxe.

**« Un espello para
reflexionar, medrar
e transformar o
noso labor na
aula.»**

UN MARCO VIVO (2023)

Adaptado aos novos retos do século XXI, garantindo a flexibilidade ante realidades cambiantes.

AS TRES ÁREAS DO MODELO



ÁREA PEDAGÓGICA

Competencias de aplicación directa na práctica diaria da aula (Didáctica, Comunicación, Dixitalización).

O motor da aula.



ÁREA PROFESIONAL

Funcións organizativas, xestión do centro, traballo en equipo e formación continua.

O docente no centro.



ÁREA SOCIAL

Impacto na comunidade educativa mediante a promoción da saúde, o benestar, a inclusión e a cidadanía global.

O docente na contorna.

ÁREA PROFESIONAL: ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E APRENDIZAXE CONTINUO



COMPETENCIA EN DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL

Práctica reflexiva, investigación educativa e innovación



COMPETENCIA EN ORGANIZACIÓN ESCOLAR E COLABORACIÓN

Traballo en equipo, liderado distribuído e xestión do centro

ÁREA SOCIAL: IMPACTO NA COMUNIDADE E CIDADANÍA GLOBAL



COMPETENCIA EN SAÚDE, SEGURIDADE E BENESTAR

Promoción de hábitos saudables físicos e mentais,
prevención de riscos



COMPETENCIA INCLUSIVA, SOCIAL E CIDADÁ

Convivencia positiva, atención á diversidade,
igualdade e sustentabilidade

ÁREA PEDAGÓGICA: APLICACIÓN DIRECTA NA PRÁCTICA DIARIA DA AULA



COMPETENCIA DIDÁCTICA

Deseño de situacións de aprendizaxe e avaliación formativa



COMPETENCIA COMUNICATIVA

Estratexias verbais, non verbais e mediación lingüística



COMPETENCIA DIXITAL

Integración efectiva da tecnoloxía no ensino e aprendizaxe

O CAMIÑO CARA Á EXCELENCIA: 3 NIVEIS DE LOGRO





A CONEXIÓN DIXITAL: CARA A ONDE IMOS?

A **Competencia Dixital** é transversal ao noso labor e conta co seu propio marco de desenvolvemento específico (MRCDD).

04

COMPETENCIA DIXITAL DOCENTE — CDD

Conta do seu propio marco de desenvolvemento específico.

A COMPETENCIA DIXITAL DOCENTE

A Competencia Dixital Docente, CDD, é o conxunto de coñecementos, habilidades e actitudes que os/as docentes necesitan para utilizar de xeito eficaz e responsable as tecnoloxías dixitais (TD) na educación.

A CDD vai máis alá de saber empregar ferramentas dixitais, abrangue tamén aspectos pedagóxicos, éticos e sociais relacionados coa súa aplicación.

CDD é algo máis concreto que a CD


O MARCO DE REFERENCIA DA COMPETENCIA DIXITAL DOCENTE — MRCDD

O Marco de Referencia da Competencia Dixital Docente (MRCDD) é un marco de referencia para a diagnose, orientación e desenvolvemento das competencias dixitais do profesorado non universitario, elaborado polo Ministerio de Educación y Formación Profesional xunto coas administracións educativas das comunidades autónomas (Resolución de 4 de mayo de 2022).

[Resolución de 4 de mayo de 2022](#), de la Dirección General de Evaluación y Cooperación Territorial, por la que se publica el Acuerdo de la Conferencia Sectorial de Educación, sobre la actualización del marco de referencia de la competencia digital docente.

Marco de referencia de competencia dixital docente

Xaneiro 2022



Ministerio de Educación e Formación Profesional e administracións educativas das comunidades autónomas

O MARCO DE REFERENCIA DA COMPETENCIA DIXITAL DOCENTE — MRCDD

O Marco organízase nun total de **22 competencias dixitais** en **6 áreas** diferenciadas, agrupadas á súa vez en **3 grandes bloques**.

ÁREA 1

Compromiso profesional

ÁREA 2

Contidos dixitais

ÁREA 3

Ensino e aprendizaxe

ÁREA 4

Avaliación e realimentación

ÁREA 5

Apoderamento do alumnado

ÁREA 6

Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado

TÁBOA RESUMO: ÁREAS E COMPETENCIAS

COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTES	COMPETENCIAS PEDAGÓXICAS DOCENTES		COMPETENCIAS DO ALUMNADO
ÁREA 1 · Compromiso profesional 1.1 Comunicación organizativa 1.2 Participación, colaboración e coordinación profesional 1.3 Práctica reflexiva 1.4 Desenvolvemento profesional dixital continuo 1.5 Protección de datos persoais, privacidade, seguridade e benestar dixital Fonte: INTEF	ÁREA 2 · Contidos dixitais 2.1 Busca e selección de contidos dixitais 2.2 Creación e modificación de contidos dixitais 2.3 Protección, xestión e compartición de contidos dixitais ÁREA 4 · Avaliación e realimentación 4.1 Estratexias de avaliación 4.2 Analíticas e evidencias de aprendizaxe 4.3 Retroalimentación e toma de decisións	ÁREA 3 · Ensino e aprendizaxe 3.1 Ensino 3.2 Orientación e apoio na aprendizaxe 3.3 Aprendizaxe entre iguais 3.4 Aprendizaxe autorregulada ÁREA 5 · Apoderamento do alumnado 5.1 Accesibilidade e inclusión 5.2 Atención ás diferenzas persoais na aprendizaxe 5.3 Compromiso activo do alumnado coa súa propia aprendizaxe	ÁREA 6 · Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado 6.1 Alfabetización mediática e no tratamento da información e dos datos 6.2 Comunicación, colaboración e cidadanía dixital 6.3 Creación de contidos dixitais 6.4 Uso responsable e benestar dixital 6.5 Resolución de problemas

O MODELO DE PROGRESIÓN DO MRCDD

O modelo de progresión do MRCDD para cada competencia estrutúrase en tres etapas, cada unha con dous niveis, representando un avance na adquisición de competencias dixitais por parte do docente, desde os niveis básicos ata a innovación e liderado.

ACCESO

A1. Coñecemento

Formación inicial básica sobre o uso da TD nos procesos de E/A.

A2. Iniciación

Formación inicial aplicada en contextos reais de forma tutelada.

EXPERIENCIA

B1. Adopción

Uso convencional dos recursos dixitais.

B2. Adaptación

As TD aplícanse en diferentes contextos. Transferencia.

INNOVACIÓN

C1. Liderado

Analízanse recursos. Promóvense accións de centro para o uso educativo das TD.

C2. Transformación

Creación de novas situacións de ensino e aprendizaxe a través das TD.

NIVEIS DE PROGRESIÓN

NIVEL C2 Profesión
NIVEL C1 Centro
ETAPA B Aula
ETAPA A Análise individual

C2 Investigación, innovación e impacto na profesión
C1 Innovación e impacto no e noutros docentes
B2 Transferencia a novos contextos
B1 Desempeño autónomo convencional
A2 Aplicación inicial contextualizada
A1 Desenvolvemento inicial da competencia dixital docente

DESCRITORES E INDICADORES DE LOGRO

Cada unha das 22 competencias do Marco conta cunha descrición detallada e desglosada en descritores e indicadores de logro específicos para cada nivel de aptitude.

Exemplo: Área 1 · Compromiso profesional — competencia 1.2 «Participación, colaboración e coordinación profesional».

ÁREA 1. Compromiso profesional			
Etapas e niveis de progresión, indicadores de logro, afirmacións e exemplos sobre o desempeño			
1.2. Participación, colaboración e coordinación profesional			
Etapas de progresión	Niveis de progresión	Indicadores de logro	Afirmacións e exemplos
A. Coñecemento e aplicación guiada das tecnoloxías dixitais para a participación nos órganos de goberno e de coordinación docente	A1. Coñecemento teórico/práctico do uso das tecnoloxías de colaboración	1.2.A1.1. Identifica as funcionalidades, condicións de seguridade, protección de datos e privacidade, características técnicas (accesibilidade, interoperabilidade, ...) de distintas plataformas de colaboración co fin de seleccionar unha que sexa axeitada á finalidade con a que se desexa empregar. 1.2.A1.2. Utiliza distintas plataformas de colaboración con aplicación profesional para o seu uso persoal.	Coñezo as posicións e contextos educativos. Exemplos: • Utilizo ferramentas grupais. • Comprobo a idoneidade das plataformas.
	A2. Participación formal nos órganos de coordinación docente do centro empregando, de forma guiada, as tecnoloxías dixitais establecidas pola A. E. ou os titulares do centro	1.2.A2.1. Utiliza, de forma guiada, as distintas plataformas de participación e coordinación docentes establecidas por a A. E. ou os titulares do centro.	Participo, mediante ferramentas, de forma guiada. Exemplos: • Participo, mediante ferramentas, de forma guiada. • Utilizo, coa guía dos titulares, as ferramentas para o seu uso profesional.

A ACREDITACIÓN DA CDD · NORMATIVA

ESTADO

[Resolución de 1 de julio de 2022](#), de la Dirección General de Evaluación y Cooperación Territorial, por la que se publica el Acuerdo de la Conferencia Sectorial de Educación sobre la certificación, acreditación y reconocimiento de la competencia digital docente.

GALICIA

[ORDE do 1 de xuño de 2023](#) pola que se regula o procedemento para a acreditación da competencia dixital docente no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

MODALIDADES DE ACREDITACIÓN

ACREDITACIÓN					
Nivel	Títulos oficiais que habiliten para a profesión docente	Proba específica de acreditación	Formación	Observación do desempeño	Análise de evidencias
A1			mínimo 40 horas		
A2			mínimo 50 horas		
B1			mínimo 70 horas		
B2			mínimo 80 horas		
C1					
C2					

 Vía dispoñible para o nivel  Non aplicable

MODALIDADES DE ACREDITACIÓN · FORMACIÓN

Formación

A1, A2, B1 e B2

CURSOS ESPECÍFICOS DE ACREDITACIÓN DE NIVEL

- Formación para a acreditación da competencia dixital docente no nivel A1 (A2, B1 e B2).
- Formación para a acreditación da competencia dixital docente nas áreas 1 e 2 do nivel B2.

OUTRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS QUE TEÑAN CDD ASOCIADA

Pódese consultar se ten indicadores de logro de CDD no...

O ESPAZO ACREDITACIÓN (FPROFE)

Fprofe > Acreditacións



Nivel	1. Compromiso profesional	2. Contidos dixitais	3. Ensino e aprendizaxe	4. Avaliación	5. Empoderamento do alumnado	6. Desenvolvemento da competencia dixital do alumnado	Horas realizadas Horas mínimas	Estado	Modalidades	Accións
A1	✓	✓	✓	✓	✓	✓	20/40		Formación	Buscar formación
A2	✓	✓	✓	✓	✓	✓	20/50		Formación	Buscar formación
B1	✓	✓	✓	✗	✗	✗	20/70		Formación	Buscar formación
B2	✗	✗	✗	✗	✗	✗	00/80		Formación	Buscar formación

INFORMACIÓN

PORTAL

<https://www.edu.xunta.gal/portal/competenciadixital/docente>

ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO

acreditacioncdd@edu.xunta.gal

The screenshot displays the 'Portal Educativo' of the Xunta de Galicia. The header includes the portal's name and the Xunta de Galicia logo. A navigation bar contains links for 'A Consellería', 'Información', 'Colectivo', 'Ensinanza', and 'Tema', along with a search bar. The main content area is titled 'Competencia Dixital docente' and features a large blue banner with the text 'A Competencia Dixital Docente e a acreditación en Galicia'. The banner includes an illustration of two people working on laptops with various digital icons. A sidebar on the right, titled 'Competencia Dixital', contains a 'PLAN DIXITAL' icon and a list of navigation links: Inicio, Plan Dixital, Normativa, Rede DixitalGal, EduCalidade, EspazoAbalar, Contacto, Competencia dixital docente (highlighted), Normativa, Acreditación, Formación, Contacto, and Competencia dixital do alumnado.

05

FPROFE. O TEU ECOSISTEMA PERSOAL DE FORMACIÓN

SXI que te acompañará na túa vida profesional.

FPROFE: O TEU ECOSISTEMA PERSOAL DE FORMACIÓN

Máis que un catálogo de cursos, Fprofe é o Sistema de Xestión de Información (SXI) que te acompañará toda a túa vida profesional.

Consulta a oferta formativa actualizada.

Xestiona as túas inscricións.

Accede ao teu historial e rexistro de desenvolvemento.

The screenshot displays the FPROFE web application interface. On the left is a vertical navigation menu with the following items: Inicio, Acreditacións, Cuestionarios, Rexistro actividades, Fóra plan, Plan de Formación, CFR, Opinión profesorado, Datos persoais, Consulta/Inscripción (highlighted with a downward arrow), Consultar ou inscribirse, Actividades inscritas, Consultas, Inscribir, Transvase alumnos, Informes, Inscripción formaes, and Xestión actividades. The main content area has a header with a note: 'Coa finalidade de mellorar a xestión e admisión nas actividades da Oferta Formativa Individual para o curso académico 2026/2027, abrírase exclusivamente a inscrición nas actividades por trimestres, aínda que se poderán consultar todas as actividades do curso seleccionando "Todos" no desplegable da pestana "Estado".' Below this is a blue button labeled 'Modificar Axuda'. The section title is 'Inscripción de actividades: Curso académico 2026/2027'. Underneath is a section titled 'Filtros para a busca' containing several filters: 'Título' (text input), 'Competencia profesional' (dropdown menu with '-- Todas --'), 'Centro de formación e recursos' (dropdown menu with '-- Todos --'), 'Estado' (dropdown menu with 'En prazo ou actividades inscritas'), 'Corpo' (dropdown menu with '590 - Profesores de ensino secundario'), 'Especialidade' (dropdown menu with '590006 - Matemáticas'), and 'Plan anual de formación' (dropdown menu with '2026/2027'). A blue button 'Mostrar Búsqueda Avanzada' is located at the bottom right of the filter section.

FProfe

Inicio

Acreditacións

Cuestionarios

Rexistro actividades

Fóra plan

Plan de Formación

CFR

Opinión profesorado

Datos persoais

Consulta/Inscripción

Consultar ou inscribirse

Actividades inscritas

Consultas

Inscribir

Transvase alumnos

PRESENCIAL

XORNADAS

G2602001 - ACTIVANDO O PENSAMENTO MATEMÁTICO

Plan Anual de Formación

DATAS

14/11/2026 - 14/11/2026

Data límite de inscrición: 11/09/2026

Horas presenciais: 8

LUGAR

Edificio Fontán. Cidade da Cultura

CFR: CAFI

PRAZAS

150 disponibles

35 Inscritos

INSCRIBIRSE

IMPRIMIR

VOLVER

Competencias

Competencia

Competencia

Competencia comunicativa

Competencia en desenvolvemento

Competencia en administración escolar

Competencia en saúde, seguridade e benestar

Competencia inclusiva, social e cidadá

XORNADA DE BENVIDA · DOCENTES DE NOVA INCORPORACIÓN

2026 / 27



🎯 Obxectivos

1. Diseñar actividades prácticas e contextualizadas que favorezan o desenvolvemento da competencia matemática.
2. Aplicar estratexias metodolóxicas para desenvolver sentidos e procesos matemáticos.
3. Reflexionar sobre a propia práctica docente para valorar a eficacia das estratexias e procesos empregados.

☰ Contidos

1. Estratexias e recursos para desenvolver sentidos e procesos matemáticos na educación secundaria.
2. Metodoloxías activas para a aula de matemáticas.

CONSULTA / INSCRICIÓN

A inscrición nas actividades da Oferta Formativa Individual ábrese por trimestres; podes consultar todas as actividades do curso seleccionando «Todos» no despregable da pestana «Estado».

Inicio

Acreditacións

Cuestionarios

Rexistro actividades

Fóra plan

Plan de Formación

CFR

Opinión profesorado

Datos persoais

Consulta/Inscrición

Consultar ou inscribirse

Actividades inscritas

Consultas

Inscribir

Transvase alumnos

Informes

Inscrición formaes

Xestión actividades

Coa finalidade de mellorar a xestión e admisión nas actividades da Oferta Formativa Individual para o curso académico 2026/2027, abrírase exclusivamente a inscrición nas actividades por trimestres, aínda que se poderán consultar todas as actividades do curso seleccionando "Todos" no despregable da pestana "Estado".

Modificar Axuda

Inscrición de actividades: Curso académico 2026/2027

Filtros para a busca

Título

Competencia profesional

-- Todas --

Centro de formación e recursos

-- Todos --

Estado

En prazo ou actividades inscritas

Corpo

590 - Profesores de ensino secundario

Especialidade

590006 - Matemáticas

Plan anual de formación

2026/2027

Mostrar Búsqueda Avanzada

ACTIVIDADES CON PRAZAS LIBRES

Actividades con prazas libres

G2601006 - A materia de intelixencia artificial para a sociedade en secundaria.

Do 28/09/2026 ao 30/09/2026 (20 prazas libres)

S2602005 - Deseño de Proxectos Erasmus+ KA120SCH ou KA122SCH.

Do 28/09/2026 ao 08/10/2026 (25 prazas libres)

S2602014 - Uso didáctico da radio escolar.

Do 28/09/2026 ao 05/10/2026 (20 prazas libres)

S2601104 - Sistemas aumentativos e alternativos de comunicación.

Do 30/09/2026 ao 28/10/2026 (20 prazas libres)

CFR CGIFP

Z2601013 - Manexo e mantemento de máquinas agroforestais.

QUE NECESITAS APRENDER NESTE MOMENTO DA TÚA CARREIRA?

Busca a túa necesidade...

Inclusión

Diversidade

Avaliación

Convivencia

Metodoloxías activas

Plurilingüismo

Benestar emocional

Orientación

STEM

Intelixencia artificial

Liderado

A túa necesidade de hoxe é o punto de partida do teu itinerario formativo en Fprofe.

06

NON TODA A FORMACIÓN TEN QUE SER UN CURSO

Diferentes modalidades e convocatorias.

CATRO XEITOS DE FORMARSE



Formación Experta

Recibir coñecemento teórico e práctico presencial ou en rede.



Observa_Acción

Aprender entre iguais: observación entre docentes, portas abertas, intercambios europeos.



Grupos de Traballo e Seminarios

Reflexionar, experimentar e construír coñecemento xuntos.



PFPP

Plan de Formación Permanente do Profesorado:
formarvos como centro ante unha necesidade común.

PROGRAMA OBSERVA_ACCIÓN

O Programa **Observa_Acción** é unha iniciativa de formación docente baseada na **observación entre iguais** e na **reflexión compartida**. A través de diferentes fases, fomenta a mellora das prácticas educativas e fortalece a cultura colaborativa nos centros.



Sesión de traballo entre docentes nun centro educativo.

07

O TEU PROPIO ITINERARIO

Constrúe o teu propio itinerario formativo

CONSTRÚE O TEU PROPIO ITINERARIO PROFESIONAL

**Onde estou e
cara a onde
quero ir?**

(Que aspecto da miña práctica
me gustaría dominar mellor
dentro dun ano?)

**Que tería que
aprender?**

(Que metodoloxía, ferramenta
ou experiencia necesito vivir
para chegar aí?)

**Quen me pode
axudar?**


(Un compañeiro, o CFR, un
proxecto, unha comunidade
profesional?)

08

NON ESTADES SÓS

A rede de acompañamento

A REDE DE ACOMPAÑAMENTO



“

**Non se espera que saibades
todo hoxe. Espérase que sigades
aprendendo sempre.**

A competencia máis importante dun bo docente é seguir sendo aprendiz durante toda a súa vida profesional. Benvidas e benvidos ao ensino público galego.

GRAZAS

XORNADA DE BENVIDA · DOCENTES DE NOVA INCORPORACIÓN